



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. José Carlos Alcalde González  
D. Jesús Alfaya Fernández  
D. Miguel Alfonso Pallarés  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Alonso García  
D. Fernando Alvarellos Vales  
D. Heliodoro Alvarez Conde  
D. J. Angel Álvarez Moreira  
D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín  
D. Ramón Araujo Casado  
D. Xosé Carlos Arias Moreira  
D<sup>a</sup> Begoña Arnedo Montenegro  
D. Enrique Barreiro Alonso  
D. Ramón Barreiro García  
D. José Luis Barros Díaz  
D. Gustavo Bergantiño Cid  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Bouza Álvarez  
D. Jorge Bravo Bernárdez  
D. Enrique J. Buch Gómez  
D<sup>a</sup> Soledad Bugallo Petit  
D<sup>a</sup> M. Alicia Cachafeiro López  
D. Leopoldo José Cadaya Vidal  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Manuel Angel Candelas Colodrón  
D. Lino Pedro Canedo de la Torre  
D. José Luis Capelo Martínez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos  
D. Víctor Cardador González  
D. Alfonso Caride Losada  
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez  
D. Pablo Javier Cebra Loureda  
D<sup>a</sup> Mercedes Cendón Falque  
D. José Chavete Rodríguez  
D. Marcos Cid Cid  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D. José Cidrás Pidre  
D<sup>a</sup> Eva Conde Rivera  
D. Eusebio Corbacho Rosas  
D<sup>a</sup> Patricia Corbacho Suso  
D. José M<sup>a</sup> Correa Otero  
D. Xosé Henrique Costas González  
D. Pedro Cuesta Morales  
D. José M<sup>a</sup> Da Rocha Álvarez  
D. Jesús De Andrés Iglesias  
D. Marcos De la Fuente Ferreiro  
D. Guillermo De Oca Cancela  
D. Javier De Vicente Remesal  
D<sup>a</sup> Encarnación De Miguel Villegas  
D. Jaime Díaz de Bustamante  
D<sup>a</sup> Natividad Díaz Magadán  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Diéguez Gómez  
D. Domingo Docampo Amoedo  
D. José Durany Castrillo  
D. Luis Espada Recarey  
D. Miguel A. Esparza Torres  
D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo  
D. Antón Fernández Álvarez  
D. Manuel Fernández Areal  
D<sup>a</sup> Estela María Fernández Carrera  
D. Manuel Fernández Cruz  
D<sup>a</sup> Esperanza Fernández Gómez  
D<sup>a</sup> Generosa Fernández Manín  
D. Manuel J. Fernández Iglesias  
D. Celso Fernández Silva  
D<sup>a</sup> María Fernández Silva  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Begoña Fernández Silvano  
D. Ramón Angel Fernández Sobrino  
D. José Antonio Fraiz Brea  
D. Rubén Friero Barros  
D<sup>a</sup> Ana Gago Martínez

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que terá lugar o día quince de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, ás 10.30 horas en primeira convocatoria e ás 11.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 15 de xaneiro de 1999**, ás 11.20 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de trata-los seguintes puntos da Orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18.12.98)
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Aprobación, se procede, de Regulamento de Réxime Interno do Departamento C02 "Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo".
- 4º.- Delegación en Xunta de Goberno da aprobación de reedición de cursos e masters.
- 5º.- Apoio á equiparación do complemento específico dos profesores titulares de Escola Universitaria e de recoñecemento de sexenios docentes non universitarios.
- 6º.- Ratificación, se procede, de acordos da Xunta de Goberno sobre concesión do grao de "Doutor Honoris Causa".
- 7º.- Elección para cubrir postos vacantes en Xunta de Goberno: a) Sector "Dtres./as. - Decanos/as de Centro (1 membro); e b) Sector "Estudiantes" (1 membro).
- 8º.- Elección de membro do Tribunal de Garantías: Sector "Estudiantes" (1 membro).
- 9º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo.

Antes de comezar coa orde do día, sortéase a letra para quenda de intervencións e sae o "E".

No **punto 1**, apróbase a acta do 18-12-98, coas alegacións presentadas polo Sr. Álvarez Moreira xa recollidas e coa incorporación do anexo I.

Ó inicio do informe, **punto 2**, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo somete á consideración do Claustro a seguinte proposta polo acontecido na Universidade Autónoma de Barcelona o día 14 de xaneiro de 1999:

D. Pedro Pablo Gallego Veigas  
 D. Juan Fco. Gálvez Gálvez  
 Dª Secundina García Conde  
 D. Antón García Fernández  
 D. Guillermo García Lomba  
 Dª Aida García Molares  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Carlos Garrido Suárez  
 Dª Ana Mª Garriga Domínguez  
 D. José Mª Gil Villanueva  
 D. Eduardo Godoy Malvar  
 D. Ramiro Gómez Lourido  
 Dª Alma Mª Gómez Rodríguez  
 D. Alejandro V. Gómez Soler  
 Dª Laura González Novoa  
 D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos  
 D. Manuel Gutiérrez Nieto  
 D. Jesús Hernández Sánchez  
 D. Alfonso Lago Ferreiro  
 Dª Patricia Leal Freire  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Xoán Leiceaga Baltar  
 D. José Lillo Beviá  
 D. Martín Llamas Nistal  
 D. Abel López Conde  
 Dª Mª Eugenia López de Silanes Vázquez  
 D. Luis López Pérez  
 Dª Mª del Pilar López Vidal  
 D. José Manuel Losada Beltrán  
 Dª Romina Maneiro Cid  
 Dª Mª Belén Martín Lucas  
 D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón  
 Dª Patricia Silvia Mascuñán Tolón  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 D. Gonzalo Méndez Martínez  
 Dª Mª Diana Méndez Vizcaíno  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Carlos Mollinedo Lois  
 Dª Ascensión Muñoz del Barrio  
 D. Santiago Murillo Zapatero  
 D. Miguel Ángel Nombela Castaño  
 D. Luis Ortíz Torres  
 D. Juan M. Outes Álvarez  
 D. Xosé Luis Outes Ruso  
 D. Alejandro Padín Mariño  
 D. Cándido Pérez Betanzos  
 D. Manuel Pérez Donsiño  
 D. Javier Pérez Guerra  
 D. Luis Pérez Gómez  
 Dª Mª Flor Pérez Paz  
 D. Juan Pérez de Obanos Herrero  
 Dª Xoana Pintos Castro  
 Dª Mª Teresa Pombo Fernández  
 D. José Pose Blanco  
 D. Albino Prada Blanco  
 D. Manuel Angel Rey Fraile  
 D. Xosé Ríos Cidrás  
 D. Filemón Rivas Conde  
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Gustavo Rodríguez Fuentes  
 Dª Margarita Rodríguez Holguín  
 Dª Antía Rodríguez Nieves  
 Dª Mª Pilar Rodríguez Seoane  
 D. Antonio Rotea Villanueva  
 D. José Ramón Rúa Rodríguez  
 D. José Óscar Rubiños López  
 Dª Veljka Ruzicka Kenfel  
 D. José Luis Sáez Ocejo  
 D. Elena Sánchez Trigo  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro  
 D. Eduardo Soto García  
 Dª Mercedes Suárez Pazos  
 Dª Piedade Suárez Rosende

*"Diante dos feitos ocorridos no Campus de Bellaterra o día de onte co gallo da visita do señor presidente do Goberno de España, José María Aznar, este Claustro acordou:*

*1- Manifesta-lo seu enérxico repudio pola actuación policial absolutamente desproporcionada e completamente fóra de lugar.*

*2- Sumarse á petición de depuración de responsabilidades efectuadas polas autoridades académicas da Universidade Autónoma de Barcelona.*

*3- Manifesta-la súa solidariedade coa comunidade universitaria da Universidade Autónoma de Barcelona e coas súas autoridades académicas".*

Apróbase por asentimento.

Informa o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo sobre o cese do Director da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Ourense e o nomeamento do Decano Comisario da Facultade de Ciencias Empresariais; explica o proceso seguido e di que, logo de ser consultada a Asesoría Xurídica, vai proceder á suspensión do cese do Director da Escola Universitaria.

Tamén di que vai solicitar ós Servicios xurídicos da Universidade, informe sobre o procedemento a utilizar respecto dos órganos de dirección dos Centros que se transforman.

Informa sobre a retirada da orde do día do punto 7.a) e o procedemento a seguir para as votacións dos puntos 7-b) e 8.

O Sr. Álvarez Moreira pide que se retiren os puntos 7 e 8 baseándose en cuestión de orde que presentou ó inicio da sesión (*"Segundo o artigo 2.1 do Regulamento de Réxime Interno, o Claustro Universitario está composto por 250 membros dos que 75 son representantes de alumnos. O artigo 15.2 do mesmo regulamento di 'para que a convocatoria produza efecto deberase poñer en coñecemento de tódolos seus membros mediante notificación...'. Quixera facer constar que estes artigos foron incumpridos, presuntamente, xa que este Claustro Universitario ten, como máximo, 249 membros, e, polo menos, falta un representante de alumnos pola Facultade de CC. EE. EE. de Vigo (motivado pola dimisión presentada por D. Enrique Salgueiro do pasado día 3-12-98, Rº 24200, e sen substituír) polo que non se pode cumpri-lo dito artigo 15.2. Polo tanto solicito que se aclare estas situación antes de continuar, ou non, o Claustro"*).

Por acordo unánime da Mesa do Claustro, non se retiran os puntos.

D. Juan Carlos Surís Regueiro  
 D. José Tojo Suárez  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Tojo Suárez  
 D. Carlos Trigo Meira  
 D<sup>a</sup> Dolores Troncoso Durán  
 D. Antonio Vaamonde Liste  
 D. Manuel Eusebio Vázquez Alfaya  
 D. José Angel Vázquez Barquero  
 D. Fernando Antonio Vázquez Núñez  
 D. José Angel Veiro García  
 D. Manuel Velasco Graña  
 D. Federico Vilas Martín  
 D. Carlos Vivas Martín

No **punto 3**, o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez explica o procedemento seguido na elaboración do Regulamento de Réxime Interno do Departamento C02 "Biología Vexetal e Ciencias do Solo" e propón a inclusión da observación feita polo Asesor Xurídico referente ó artigo 19, parágrafo 2º, que sería engadir ó final "*se a área non presenta proposta, o Consello de Departamento será o encargado de asigna-la docencia respecto ós criterios establecidos no punto 1 do mesmo artigo*".

#### DESCULPA ASISTENCIA

D. Luis Alonso Bacigalupe

Os profesores Gallego Veigas e Reigosa Roger fan algunha precisións; o primeiro pide que o texto volva ser tratado no Departamento, e o segundo acepta a proposta do Vicerrector.

Faise unha votación que ten o seguinte resultado:

-a favor da proposta do Vicerrector...	62 votos
-en contra...	27 votos
-abstencións...	28

Apróbese o Regulamento de Réxime Interno do Departamento C02 "Biología Vexetal e Ciencias do Solo", coa inclusión antes mencionada.

O profesor Gallego Veigas presenta voto particular en contra da aprobación (anexo II).

O Rector, D. Domingo Docampo Amoedo expón o **punto 4**, Delegación en Xunta de Goberno da aprobación de reedición de cursos e masters, e pásase directamente á votación:

-a favor da proposta de delegación...	97 votos
-en contra...	4 votos
-abstencións...	15 votos

Apróbese a dita delegación.

No **punto 5**, o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo da lectura o seguinte escrito:

*"Os profesores titulares de Escola Universitaria do Claustro solicitan que o Sr. Rector da Universidade de Vigo reafirme ante o Claustro o seu apoio ás reivindicacións salariais dos profesores Titulares de Escola Universitaria, na súa petición de equipara-lo seu complemento específico ó dos catedráticos de Ensino Medio de Galicia e, así mesmo, o recoñecemento dos anos de servizo no Ensino secundario a efectos de concesión de quinquenios de docencia. Igualmente, que exprese o seu compromiso de defender esas peticións no Consello Universitario de Galicia cara a súa incorporación nos presupostos da Xunta correspondentes ó ano 2000"*.

Manifesta e reafirma o seu acordo co mesmo e indica que xa foi transmitido ó Conselleiro de Educación.

No **punto 6**, o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo indica que na súa opinión e tamén na da Mesa, este tema xa foi tratado na anterior sesión do Claustro. En todo caso, ábrese unha quenda de palabra na que interveñen os profesores Reigosa Roger, Rodríguez Berrocal, Alonso Escontrela, Durany Castrillo e o Sr. Álvarez Moreira.

De seguido, o Sr. Rector pide ó Claustro que a ratificación da proposta de Doutores Honoris

Causa sexa aprobada por asentimento, pero algúns claustrais piden que se faga votación.

Interrómpese a sesión de 13 a 13.30 horas para as votacións dos puntos 6, 7.b) e 8.

No **punto 6** o Sr. Rector, explica que feito o escrutinio, as catro propostas de Doutor Honoris Causa foron ratificadas por ampla maioría.

Algúns claustrais queren que se precise o resultado numérico da votación, mentres que outros non queren sabelo.

O Sr. Rector, logo de consultar á Mesa, invita ós claustrais que non queiran coñece-lo resultado da votación, a abandona-lo Salón de actos.

Despois de que os claustrais que así o desexaron, saíron, comunica o resultado:

D. Aníbal Ramón Figueiras Vidal:	si...	91 votos
	non...	30 votos
	branco...	19 votos
D. Xosé Luís Méndez Ferrín:	si...	95 votos
	non...	28 votos
	branco...	17 votos
D. César Milstein:	si...	95 votos
	non...	17 votos
	branco...	28 votos
D. Xaime Isla Couto:	si...	103 votos
	non...	21 votos
	branco...	16 votos

Ratificase o acordo de Xunta de Goberno (11.12.98), de concesión do grao de "Doutor Honoris Causa" a D. Aníbal Ramón Figueiras Vidal, D. César Milstein, D. Xosé Luís Méndez Ferrín e D. Xaime Isla Couto.

No **punto 7.b)**, o resultado da votación foi o seguinte:

-D. Leopoldo José Cadaya Vidal...	17 votos
-D. Heliodoro Álvarez Conde...	12 votos
-en branco...	2
-nulos...	1

Elíxese a D. Leopoldo José Cadaya Vidal, da Facultade de Dereito Ourense, como membro da Xunta de Goberno polo sector "Estudiantes".

No **punto 8**, o resultado da votación foi o seguinte:

-D. José Luis Capelo Martínez...	5 votos
-D. Alejandro V. Gómez Soler...	26 votos
-nulos...	1

Elíxese a D. Alejandro V. Gómez Soler, da E.U. de Estudos Empresariais de Vigo, como membro do Tribunal de Garantías polo sector "Estudiantes".

No **punto 9**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D<sup>a</sup> **GENEROSA FERNÁNDEZ MANÍN**.- Roga:

-que se establezan listas para o uso do correo electrónico e que nos envíos se especifique o asunto;

-que se transmita á Comunidade universitaria a información necesaria, pero que non se malgaste;  
e

-que no posto médico do Campus haxa un psicólogo e un psiquiatra.

-**D. ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER.**- Pregunta se se van asinar novos convenios para renovar as tarxetas universitarias que van caducar (*o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo responde que si, no mes de xaneiro ou febreiro*).

Roga que se envíe un escrito ás empresas de transporte para aclarar que se están a renovar os carnés universitarios.

-**D. FRANCESCO SAVERIO GUGLIOTTA BASTOS.**- Roga:

-ó Rector que informe en Pontevedra dos proxectos de infraestrutura do Campus (*o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo di que será presentado na primeira xuntanza do Consello de Campus*);

-que a información sobre eventos deportivos para os que hai dispoñibles entradas chegue máis axiña ó Campus de Pontevedra.

Pregunta polas declaracións do Vicerrector de Docencia e Alumnado sobre a "reducción" das vacacións para que se poidan dispensar tódolos créditos.

-**D. VICTOR M. MARTÍNEZ CACHARRÓN.**- Pide:

-que se habiliten medidas para amplia-lo horario de apertura de Bibliotecas nos períodos de exames;

-que a venda dos bono-bus, ademais de nos estancos, poida realizarse nos Centros.

-**D. J. ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA.**- Presenta os seus rogos e preguntas por escrito (anexo III).

-**D<sup>a</sup> PATRICIA CORBACHO SUSO.**- Roga:

-que consten en acta as respostas do Rector en "rogos e preguntas";

-que se lle envíen para cada Claustro, dous xogos de documentación, un deles para consulta dos alumnos de Dereito;

-que o Rector lle envíe unha relación das preguntas que pode facer no Claustro.

Pregunta:

-polo edificio de Dereito Económico e polos dereitos e obrigas que se recollen nos regulamentos.

-**D. JOSÉ M<sup>a</sup> CORREA OTERO.**- Pregunta:

-sobre as obras no Campus de Lagoas-Marcosende, se hai un prazo de remate xa que os problemas de tráfico agrávanse.

Roga que se poñan as tapas dos rexistros ó lado da Biblioteca Central.

-**D<sup>a</sup> ENCARNACIÓN DE MIGUEL VILLEGAS.**- Roga:

-que se reconsidere a decisión sobre os bolseiros membros natos do Consello de Departamento para que poidan ser incluídos os que figuran nos PODs;

-que se estudie a posibilidade de dispor na páxina web da documentación das sesións do Claustro.

Levantase a sesión ás 14.30 do día 15 de xaneiro de 1999, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co v<sup>o</sup> e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo